

Fron da

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 11

ano 2

xullo-agosto 2007

O Catastro de Ensenada (III)

LIBROS PERSOAIS DE LEIGOS E ECLESIAÍSTICOS


A pretensión de substituír o heteroxéneo conxunto de impostos existente na Coroa de Castela a mediados do século XVIII por unha “**Única Contribución**” directa e proporcional á riqueza de cada unidade familiar obrigaba a coñecer, non só a renda de cada contribuínte, senón tamén o número, tamaño e composición da familia deste. Froito desta investigación son os “libros persoais”, tamén chamados “del personal” ou “de asiento general de vezinos” que consisten na declaración das **persoas** que compoñen cada unha das familias da localidade catastrada, con indicación dunha serie de datos demográficos e socio-económicos (idade, sexo, estado civil, profesión...).

Como se pretendía que este imposto gravase, sen exencións, a toda a poboación, incluído o clero, en cada unidade catastrada houbo que confeccionar, por unha banda, un libro no que se rexistraron as persoas pertencentes ao estado eclesiástico (**libros persoais de eclesiásticos**), e, por outra, aquel no que se asentou á poboación restante (**libros persoais de leigos**). Tal duplicidade foi debida a que a contribución dos eclesiásticos esixía a autorización da Santa Sé. En caso de non contar coa súa conformidade, os cálculos fiscais realizárianse exclusivamente sobre a riqueza dos leigos.

Cada asento fíxose corresponder cun **grupo familiar corresponsal**, é dicir, a familia que convivía baixo un mesmo teito, e ordenouse alfabeticamente polo nome de pila do cabeza de casa, maioritariamente varóns, salvo no caso de viúvas e solteiras que vivían soas ou acompañadas de fillos menores.

O documento deste número é o libro persoal de leigos da freguesía de **San Salvador de Arnoia** (actual concello de Arnoia) que, ademais de pola súa cuidada ornamentación caligráfica, caracterízase por presentar os veciños agrupados por **núcleos de poboamento** (lugares ou


aldeas), e dentro de cada un destes, ordenados alfabeticamente polo nome do cabeza de familia. A partir desta información é posible reconstruír o tamaño e número dos núcleos de poboamento, é dicir, o **hábitat humano** da parroquia.



1752, Ourense.
Libro persoal de leigos da freguesía de San Salvador de Arnoia.
Orixinal; papel; escritura humanística; castelán; 210 x 330 mm.
AHPOu, Real Intendencia de Galicia, L. 1056.

As interioridades da familia

Os **libros persoais de leigos**, ademais do **nome e apelidos** do cabeza de familia, informan do seu **estado civil e ocupación profesional** principal e secundaria, se a houbese, o número, sexo, idade, e estado civil dos restantes membros da familia, con indicación do parentesco co cabeza de casa (esposa, fillos, pais, sogros, tíos, irmáns, etc.) e, en ocasións, o nome de cada un. Ao partir do aspecto corresponsal, os **criados**



Asentos do libro persoal de leigos do couto de Louredo (actual concello de Cortegada). AHPOu, Real Audiencia de Galicia, L. 1822, fol. 3

ou os **oficiais e aprendices** dun oficio que viven no fogar do seu mestre tamén se consideran parte da familia, polo que aparecen rexistrados dentro dos fogares nos que residen. Pola contra, quedan na penumbra os lazos de parentesco alleos ao núcleo corresponsal, tan importantes nas sociedades tradicionais.

O tipo de información dos libros persoais de leigos e eclesiásticos pode variar dunhas localidades a outras. Nunca falta a idade e o nome e apelido do cabeza de familia, nin o número de fillos e criados. Porén, as idades ou os nomes dos restantes compoñentes poden non consignarse.

Tamén se indica se o suxeito contributivo é nobre ou **fidalg**o e, outras veces, aínda sen sinalar a pertenza ao estamento nobiliario, é po-

sible coñecer a preeminencia social dunha familia cando o nome do cabeza e/ou o dos seus membros vai precedido do tratamento de “don” ou “dona”.

Cregos, mosteiros e conventos

Os libros **libros persoais de eclesiásticos** conteñen a todos os relixiosos que habitan na entidade catastrada, xa sexa clero secular ou regular. Nas relacións do clero secular aparecen o **párroco** -abade na documentación ourensá- e outros **cregos** de distintas categorías (capeláns, patrimonistas, etc.) xunto cos criados e familiares que viven na súa compañía. Pola súa banda, os asentos do clero regular permiten coñecer o número de profesos e novicios da comunidade (monxes, monxas e frades) dos distintos **mosteiros e conventos** da provincia, así como a cantidade de persoal leigo ao seu servizo. Tamén foron inscritos nestes libros os membros das **ordes militares**, como os comendadores das distintas encomendas ourensás.

Unha fonte excepcional para a historia da familia

Os libros persoais son unha magnífica **fonte demográfica** a partir de cal é posible aproximarse ao **volumen e estrutura poboacional** de mediados do século XVIII existente en ámbitos xeográficos de distinta amplitude como a Coroa de Castela, o Reino de Galicia, a provincia de Ourense, ou a territorios máis reducidos como o dun concello actual ou o dunha determinada parroquia.

Pero a maior valía desta fonte reside en que ofrece a posibilidade de coñecer a **estrutura interna das familias** (solitarios/as, nucleares, extensas, múltiples...), a presenza nelas de persoas sen parentesco, como o **servizo doméstico**, ao tempo que facilita relacionar todo isto cos **aspectos socioprofesionais** e coas **actividades económicas** dos seus membros. Pola súa banda, os “libros reais”, ao permitir reconstruír o patrimonio de cada familia, enriquecen aínda máis esta información.

No caudal informativo desta fonte apoiáronse nas últimas décadas do século pasado os estudos de **historia da familia**, grazas aos cales coñecemos hoxe como eran as familias galegas de mediados do século XVIII e a súa diversidade nas distintas provincias e comarcas de Galicia.